

## TERMOS DE REFERENCIA PARA A CONTRATACIÓN DE TRABALLADOR/A SOCIAL

### Área de Proxectos FEGADACE

#### Perfil xeral do posto

En dependencia da Dirección e en coordinación co Responsable de Proxectos e Administración e a Responsable de Comunicación realizará as seguintes funcións:

- Intervencións de Sensibilización, Información, Divulgación e Formación
  - Información e sensibilización social sobre dano cerebral no marco dos programas de información e apoio a familias das asociacións federadas e en coordinación coas traballadoras sociais das entidades.
  - Execución, seguimento e xustificación técnica dos programas de promovidos pola federación.
  - Apoiar na organización de actos, xornadas, conferencias de promoción do coñecemento sobre o dano cerebral, así como en calquera actividade planificada nos programas previstos.
  - Responsable pola execución das actividades de sensibilización e concienciación (Charlas, obradoiros, sesións informativas, etc.) dirixidas á poboación galega, recollidas nas intervencións de promoción de saúde e prevención do dano cerebral previstas para 2021.
  
- Funcións relacionadas con coordinación e xestión de programas e subvencións
  - Apoiar na implementación de proxectos en todo o seu ciclo (formulación, execución, seguimento e xustificación).
  - Participar activamente na busca de financiación para execución de proxectos e programas.
  - Elaboración de plans operativos para execución de cada proxecto.
  - Seguímentos técnicos e financeiro en coordinación con responsable de proxectos e a dirección.
  - Propor intervencións a ser realizadas pola federación para a mellora da atención social ás persoas con dano cerebral e as súas familias.
  - Xestión da documentación e información asociada aos programas, así como das axendas e planificación que lle sexan propias.
  
- Funcións transversais
  - Participar na planificación, programación, execución e avaliación de estudos e investigacións para a xeración de coñecemento científico sobre dano cerebral.
  - Participación activa na implantación do Plan Estratéxico 2020-2023 para a mellora dos procesos da federación, así como na elaboración de planificación operativas anuais.
  - Colaborar na elaboración de memorias técnicas anuais e outros documentos de balance e rendición de contas sobre a actividade da entidade.
  - Participar en todas as reunións e encontros de coordinación internos e periódicos do equipo de traballo, así como en outros que poidan ser requiridos segundo demandas específicas.

- Coordinación permanente coas asociacións federadas e apoio na planificación e execución de actividades e programas orientadas á mellora da calidade de vida das persoas con dano cerebral e as súas familias (promoción da autonomía persoal, información e apoio a familias, respiros, inclusión social e laboral, ocio, ABVD, etc.)

### **Perfil académico e profesional**

- Diplomado/a ou Graduado/a en Traballo Social.
- Elevado grao de especialización no ámbito da discapacidade, prioritariamente dano cerebral ou discapacidade intelectual e cognitiva, en xeral.
- Coñecemento dos recursos sanitarios e sociais existentes no seu ámbito de actuación (Galicia).
- Formación de Pos-Grao (Mestrado) en Intervención Social, cursos específicos en habilidades sociais, xestión de programas sociais e control emocional, traballo en equipo.
- Experiencia previa en posto similar, desenvolvendo funcións propias de traballo social en entidades de atención á discapacidade.
- Valorarase experiencia consolidada e contrastada en xestión de expedientes coa Xunta de Galicia.
- Valorarase experiencia e/ou coñecemento no ámbito da discapacidade e a dependencia
- Coñecementos elevados de ofimática.
- Coñecemento superior dos idiomas galego e castelán falado e escritos. Valorarase especialmente o coñecemento de inglés.
- Residencia en Santiago de Compostela ou comarca.
- Disponibilidade de mobilidade xeográfica na comunidade autónoma de Galicia.

### **Perfil competencial**

- Boas habilidades de comunicación e docencia.
- Alta capacidade de planificación e organización.
- Capacidade de resolución de problemas, dinamismo e pro-actividade.
- Flexibilidade e capacidade de adaptación ás necesidades da base social.
- Identificación cos valores e misión e compromiso coa organización.
- Asertividade, resiliencia e empatía.
- Alta orientación a traballo por obxectivos e resultado.
- Fundamental orientación para traballo en equipo.

### **Datos básicos da contratación**

Contrato por obra e servizo de 12 meses, período estimado comprendido entre 30/12/2020 e 29/12/2021, incluído.

Condicións salariais segundo XV Convenio Colectivo de Centros de Atención a Persoas con Discapacidade.

Horario laboral: 75% Xornada Laboral do Convenio Colectivo. Luns a Venres de 8h30' a 14h30'.

Contratación condicionada á concesión [da Subvención para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro.](#)

**Concurrencia**

Envío de carta de motivación e currículo vitae actualizado ao enderezo electrónico [fegadace@fegadace.org](mailto:fegadace@fegadace.org), ata as 23h59' do 23 de novembro de 2020, co asunto "TRABALLADOR/A SOCIAL\_FEGADACE + NOME E APELIDOS"

Absterse persoas que non cumpran os requisitos

Entrevistas a partir do 26 de novembro de 2020, en modalidade presencial ou telemática, condicionada pola situación epidemiolóxica e sanitaria actual.